

# Memória, Verdade e Xustiza

## 18,00h Apertura:

Xerardo Abraldes. *Secretário comarcal da CIG.*

## 18,30h Proxección documental:

“Argentina, punto e seguido”  
do realizador galego Xan Leira.

## 19,30h Mesa Redonda:

Dereito a identidade (un nome, unha familia, unha nacionalidade, unha historia...)

### Participantes:

Elsa Osorio.  
María Esther Alonso.  
Fermín Castro. *Mestre afiliado da CIG, ten ao seu irman e cuñada desaparecidos, o seu sobriño recuperou recentemente a identidade.*

### Coordina:

Gustavo García. *Avogado da CIG.*

## 20,30h Conferéncia

### “Pola Memoria, Verdade e Xustiza”

Aldolfo Pérez Esquivel.

### Presenta:

Manuel Mera. *Presidente da CIG.*

## 21,30h Clausura

Fernando Acuña. *Secretario Xeral da CIG.*  
Mariló Cabaleiro. *Concelleira de Participación Cidadán do Concello de Vigo.*

## 21,45h Actuación

Miriam Sandoval e o grupo Latino.

Día

# 24 de marzo, ás 18h.

(XXIV aniversario do golpe de Estado na Argentina)

Lugar:

Teatro e sala de concertos do



Rúa Policarpo Sanz, 24

Colaboran:



Caixavigo e Ourense



CONCELLO DE VIGO



Fundación  
Contra a Impunidade

Organiza:



Confederación Intersindical Galega

# Memória

# Verdade

# Xustiza

**Xornada  
polos  
dereitos  
humanos**



Confederación Intersindical Galega

# Memória, Verdade e Xustiza

## Introducción

O 24 de marzo, cúmprese o XXIV aniversario do golpe de estado do xeneral Videla. A CIG, como entidade personada no xuízo, que instrúe o xuíz Baltasar Garzón, contra os delitos de xenocidio e terrorismo de estado, quere lembrar esta data para denunciar os crimes cometidos contra a humanidade, para que nunca máis se poidan repetir.


Máis de 30.000 persoas desapareceron durante a sanguenta ditadura arxentina polo único delito de opoñerse ao novo modelo neoliberal que o imperialismo norteamericano estaba a ensaiar en América Latina e que agora se estende en todo o mundo.

Videla, Pinochet e os seus respectivos exércitos non foron máis que executores do *Plan Condor*, ideado e dirixido por EEUU para exterminar sistematicamente aos que se opuñan ás políticas monetaristas, aos privilexios das minorías especuladoras, á inxustiza social e ao novo modelo internacional do imperio norteamericano.

Para este xenocidio os militares e os represores utilizaron en toda a América Latina as máis aberrantes técnicas de tortura e terror que se coñeceron no mundo despois da barbarie nazi. Centos de miles de persoas, foron secuestradas nas suas casas, nos seus lugares de traballo ou de estudo, e desaparecidas, cruelmente torturadas, mutiladas e asasinadas. Os asasinados non reparaban en cuestións humanitarias, e o seu código de honor militar non lles impedía exterminar mulleres, rapaces, ancianos, discapacitados, etc. Moitos nenos e bebés eran convertidos en botín de guerra.

A CIG, xunto a centrais sindicais irmás como a Central dos Traballadores Arxentinos (CTA) e a PIT-CNT de Uruguai, ven desenvolvendo unha campaña permanente de apoio aos xuízos contra os crimes de lesa-humanidade, en distintos países, especialmente na Arxentina.

Co obxectivo de que os traballadores e traballadoras da nosa cidade coñezan mellor esta etapa dramática da historia de países irmáns aos que unen tantos vencellos de fraternidade co noso país, a CIG da comarca de Vigo quixo celebrar este debate que rescate a memoria a verdade para camiñar cara a xustiza, que impida a impunidade.



### Adolfo Pérez Esquivel

Arxentino de orixe galego. Pérez Esquivel é profesor de Belas Artes, docente de Filosofía, Historia e Literatura. Coordinador Xeral do Servizo de Paz y Justicia de América Latina (SERPAJ) e presidente da Liga Internacional polos Dereitos e a Liberación dos Povos (con sé en Milán). Foi Premio Nobel da Paz en 1980, en recoñecemento á súa acción na defensa dos dereitos humanos en América Latina, e moi especialmente na Arxentina. Foi detido e torturado, preso no cárcere de La Plata durante 14 meses, sen xuízo de ningún tipo. logo da ditadura militar mantívoo en residencia vixiada outros 14 meses. Salvou a vida gracias a unha enorme campaña internacional de solidariedade.



### Elsa Osorio

Profesora de Letras pola universidade de Bós Aires. Reside en Madrid, onde imparte cursos de narrativa e comunicación. Publicou *Ritos privados* (Edit. Losada), *Reina mugre* (Edit Punto Sur), *Beatriz Guido, Mentir la verdad, Cómo tenerlo todo* (Edit. Planeta), *Las Malas lenguas* (Grupo Editor Latinoamericano), *A veinte años, Luz* (Ed. Alba). Escribue guións cinematográficos (*Ya no hay hombres, Yo, la otra*) e de televisión. Foi columnista especializada en linguaxe e política. Obtivo o Premio Nacional de Literatura, o premio ao mellor guión de comedia, o Premio ao Xornalismo de Humor, entre outros.



### María Ester Alonso Morales

Avogada arxentina, filla de pai galego (Salvaterra). Nascida en cautividade durante o secuestro-detención da súa nai. Criouse no cárcere. Ela é un dos tantos casos de rapaces que, na actualidade, andan á busca da súa identidade. Rematou a súa carreira cunha tese titulada: "O Xenocidio na Arxentina", no que realiza un estudo do terrorismo de estado. Colaboradora do Estudio Xurídico da Asociación Polos Dereitos Humanos no municipio de La Plata. Integrante da agrupación HIJOS (fillos pola Identidade e a Xusticia contra do Olvido e o Silencio).



### Miriam Sandoval e o grupo Latino

Cantautora arxentina. A artista e o seu grupo realizan un traballo no escenario de busca da fusión de diversos estilos cunha raíz esencial no folklore de América Latina creando un clima característico nun espectáculo poético variado e orixinal. Miriam Sandoval: voz e guitarra. Isabel Mouzo: frauta traveseira. Xabier Alcalde: baixo eléctrico. Xosé Troncoso: percusións.



### Documental

Título: Causa aberta contra o xenocidio. Arxentina punto e seguido.

Xénero: Documental

Especialidade: Actualidade

Director: Xan Leira

Producción: Reiter & Leira Comunicación, SL

Música: Jorge Olivera

...>

Edición: Ramón Vilas

Duración: 49 min.

Formato: video-Betacam SP

Filmaxe en: Bos Aires (Arxentina), Madrid, Alicante, Vigo.

Coa participación de: Carlos Castresana (Presidente la Unión Progresista de Fiscales), Adolfo Pérez Esquivel (Premio Nobel da Paz 1980), Manuel Vázquez Montalbán (Escritor), Nora Cortiñas (Nais de Praza de Maio-Liña Fundadora), Adriana Calvo (Presidenta da Asociación de ex Detidos-Desaparecidos da República Arxentina), etc.

# GALEGOS / AS DESAPARECIDOS NA ARXENTINA

Ramón García Ulloa

Dolores Iglesias De García Ulloa

Manuel Gómez Aguirre

Urbano López Fernández

Juan Carlos Casariego De Bel

Jose Nicasio Fernandez Alvarez

Carlos Alberto

Alicia Raquel D'Andrea Villares

Ernesto Fernández Vidal

Ines Ollero

María Teresa Alvarez Cubilla

Rubén Castro Fernández

Elsa Martinez Mesejo

Maria Seoane Toimil

Salvador Barbeito

Miguel Angel Castiglone Cormes

José Manuel Monteagudo Ferreiro

Jaime Emilio Lozano

Carmen Aida Castro

José Caamaño Uzal

Antonio Adolfo Díaz López

Manuel Ramón Souto Lestón

Victor Vázquez

Alberto Horacio García López